

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 17 DE NOVEMBRO DE 2022,  
BAIXO A PRESIDENCIA DE  
ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

### **DECRETOS**

#### **CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal laboral de entidades instrumentais do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022 para a posta en marcha e funcionamento de novos servizos públicos.

#### **CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Guntín do treito final da estrada LU-P-2405 desde o p.q. 8+407 ao p.q. 8+907.

### **ACORDOS**

#### **VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN**

- Acordo polo que se autoriza de conformidade co artigo 7.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a concesión de subvencións por importe superior a 3.000.000 de euros a beneficiarios das axudas destinadas á creación e integración de novos centros de investigación empresarial no ecosistema de innovación de Galicia, enmarcados nas prioridades estratéxicas da RIS3, convocadas pola Resolución da Axencia Galega de Innovación do 17 de xuño de 2022.
- Acordo polo que se declaran os parques eólicos Badulaque, Barqueiro, Santuario, Tesouro, Moeche, Caveiro, Levante e Boura como proxectos cunha clara incidencia territorial pola súa entidade económica e social, cunha función vertebradora e estruturante do territorio.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Asociación de Desenvolvemento Rural As Mariñas-Betanzos para a execución do Plan de sustentabilidade turística en destino Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas: destino de ecoturismo familiar neutro en carbono, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, por importe total dun millón cincocentos mil euros (1.500.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Asociación Rural de Desenvolvemento da Ría de Muros-Noia para a execución do Plan de sustentabilidade turística en destino novos modelos para a sustentabilidade e a competitividade na Ría de Muros-Noia, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, por importe total de dous millóns de euros (2.000.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Asociación Liga Noroeste, con motivo da organización da liga galega de traíñeiras masculina e feminina da tempada 2023, por importe de cento quince mil euros (115.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Fundación Pública Galega Feiras e Exposicións de Ourense (Expourense), para regular o réxime de coordinación da programación das actividades deportivas e feirais e as actividades de mantemento, conservación e funcionamento da pista de atletismo cuberta do recinto feiral e deportivo de Expourense, na cidade de Ourense, durante as anualidades 2023-2024, por un importe de douscentos corenta mil euros (240.000,00 €).

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo entre a Xunta de Galicia e as organizacións sindicais polo que se convoca o procedemento de acceso aos graos I e II do sistema transitorio extraordinario de recoñecemento da progresión na traxectoria profesional para o persoal ao servizo da Administración de xustiza.

### CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DE EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual, de conformidade co previsto no artigo 58.1.b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto Refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, no proxecto de Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade pola que se convoca para o ano 2023 a prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, por importe de cinco millóns seiscientos nove mil novecentos oitenta e seis euros (5.609.986,00 €), tramitado como expediente anticipado de gasto.

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de gasas e compresas de algodón e de tecido sen tecer, compresas tocolóxicas e absorbentes infantís con destino ás áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde, para un período de dous anos de contrato máis tres anos de prórroga, por un importe de seis millóns trescentos setenta e dous mil setecentos once euros con vinte e cinco céntimos (6.372.711,25 €) IVE engadido e un valor estimado de quince millóns seiscientos sete mil cento noventa euros con trinta e seis céntimos (15.607.190,36€), tramitado como anticipado de gasto.

## INFORMES

### VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Informe sobre o Plan de aforro e eficiencia enerxética para o sector público.
- Informe sobre a proposta de modificacións da planificación eléctrica da rede de transporte 2021-2026 para atender a demanda de proxectos industriais en Galicia.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Informe de execución dos programas Feder e FSE 14-20 e do Mecanismo de recuperación e resiliencia (MRR).

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre a licitación da obra da Unidade de Hospitalización Infante Xuvenil no Hospital Álvaro Cunqueiro .

### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Informe sobre as actuacións do Plan de mellora das infraestruturas da Consellería do Medio Rural.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# A XUNTA APROBA UNHA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DE 84 PRAZAS DE ACCESO LIBRE PARA PRESTAR NOVOS SERVIZOS PÚBLICOS

- As prazas son de libre concorrència polo que poderá participar calquera persoa que cumpra os requisitos exixidos nas bases das convocatorias
- Destacan seis prazas en Galaria para a posta en marcha do Centro de Fabricación de Inmunoterapias Celulares Avanzadas

O Consello da Xunta aprobou hoxe un decreto de oferta de emprego público (OEP) extraordinaria para 2022 en que se inclúen 84 prazas de acceso libre no sector público autonómico de Galicia para prestar novos servizos públicos.

En concreto, ofértanse 6 prazas en Galaria Empresa de Servizos Sanitarios; 58 na Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos (Seaga); 3 prazas na Sociedade Pública de Investimentos de Galicia (SPI); 9 na Sociedade Xestora de Entidades de Capital Risco (XES Galicia); e outras 8 prazas en Portos de Galicia.

A oferta faise ao abeiro da Lei 22/2021, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2022, que recolle a posibilidade de ofertar as prazas necesarias para a posta en marcha de novos servizos ou para aqueles que pasan a xestionarse de forma directa. Ademais, esta Lei sinala que estas prazas non computarán para a taxa de reposición e, polo tanto, non afectan a oferta de emprego público ordinaria para 2022.

Estas prazas facilitarán a posta en marcha do Centro de Fabricación de Inmunoterapias Celulares Avanzadas, que permitirá manter a prestación sanitaria de Galicia á vangarda dos tratamentos existentes, para que os pacientes galegos poidan recibir tratamentos máis modernos sen necesidade de saír da comunidade autónoma; desenvolver diversas actuacións enmarcadas no Plan de investimentos sanitarios; a xestión de fondos europeos ou a execución de novos investimentos.

Ademais, todas as prazas son de libre concorrència polo que poderá participar calquera persoa que cumpra os requisitos exixidos nas bases das correspondentes convocatorias, e as probas desenvolveranse garantindo os principios constitucionais de mérito e capacidade en condicións de igualdade, así como os demais principios reitores da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **OEP ordinaria**

A oferta de emprego público aprobada hoxe é independente e complementaria da OEP ordinaria da Administración xeral da Comunidade Autónoma para 2022 que se aprobará antes de que remate o ano.

Hai que lembrar que a oferta de emprego autonómica para o ano pasado ascendeu a 4.753 prazas (1.491 prazas na Administración xeral; 1.215 no eido sanitario; e 1.604 no ámbito educativo).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE GUNTÍN DO TREITO FINAL DA VÍA PROVINCIAL LU-P-2405, QUE DISCORRE INTEGRAMENTE POLO TERMO MUNICIPAL**

- O municipio asume a titularidade da estrada no treito de 500 metros de lonxitude que une Entrambasaugas, San Román e As Pardellas
- A entidade local terá competencia para actuar na vía e asumirá a responsabilidade da súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico terá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Guntín do treito final da estrada provincial LU-P-2405, que discorre integramente polo termo municipal.

O Concello de Guntín solicitou á Deputación Provincial de Lugo a cesión dun treito da estrada provincial LU-P-2405, desde o punto quilométrico 8+407 e 8+907, que une Entrambasaugas, San Román e As Pardellas. A entidade provincial aceptou a transferencia deste último treito da vía provincial proposta polo concello lucense.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, de acordo cos informes emitidos polos servizos da Axencia Galega de Infraestruturas en Lugo, formula a proposta favorable de transferencia do treito desta vía provincial de 500 metros de lonxitude.


A transferencia a prol do Concello de Guntín tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo Consello da Xunta o Concello de Guntín terá a competencia para actuar neste treito e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento. O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Plano do treito obxecto do cambio de titularidade:

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS



### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **GALICIA CAPTA 27 M€ DE INVESTIMENTO A TRAVÉS DE DOUS NOVOS CENTROS DE INVESTIGACIÓN EMPRESARIAL CENTRADOS NA BIOTECNOLOXÍA E NA MOBILIDADE SUSTENTABLE**

- O Consello da Xunta acorda conceder 9,2 millóns ás empresas Mestrelab Research e BorgWarner para estes dous proxectos que favorecerán a contratación de 45 investigadores
- Santiago de Compostela acollerá un centro de investigación de Mestrelab especializado en software científico para os sectores farmacéutico e biotecnolóxico
- Nigrán contará cunha instalación dedicada á xestión térmica da mobilidade do futuro por parte da firma BorgWarner, que afianzará a súa aposta pola I+D

O Consello da Xunta informou da resolución da convocatoria para a creación de centros de investigación empresarial en Galicia a través da cal se conceden axudas para impulsar proxectos no eido da biotecnoloxía e da mobilidade sustentable, dous sectores estratéxicos da economía galega. Entre as dúas iniciativas, lideradas por Mestrelab Research -spin off da USC que desde 2018 pertence á multinacional Bruker Inc- e BorgWarner, respectivamente, mobilizaranse 27 M€ e favorecerase a creación de 45 novos contratos a investigadores.

O centro de investigación Mestrelab localizarase na contorna do Campus Vida da Universidade de Santiago de Compostela e prevé acelerar a investigación nos sectores farmacéutico e biotecnolóxico en Galicia a través da intelixencia artificial. Aspira a actuar como centro neurálxico para unha comunidade de tecnólogos e científicos dos sectores dixitais e das ciencias da vida. A empresa comprométese a contratar 30 investigadores ata 2025. A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación achegará 4,2M€ para este proxecto que conta cun investimento total de 8,19M€.

Por outra banda, o Centro de Investigación Avanzada eMobility de BorgWarner Emissions Systems pretende dar resposta ás necesidades para a mobilidade do futuro, creando un centro de excelencia en tecnoloxías para o vehículo eléctrico.

Investigará novas estratexias de xestión térmica, unha iniciativa necesaria en Galicia ante os novos modelos de mobilidade, e constitúe un factor clave na cadea e especialmente tractorsa cos cambios na electromobilidade. Así, o centro permitirá tamén dar cobertura aos retos deste tipo de motores de automoción e noutras industrias de transporte (por exemplo, naval). O centro estará no Porto do Molle, en Nigrán, e

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

realizará 15 novas contratacións de investigadores. A empresa investirá 19,2 M€, dos cales se financiarán 12 M€ a través da Axencia Galega de Innovación cunha achega 5 millóns.

O programa, que se enmarca na Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia 2027, ten dous obxectivos: lograr un ecosistema galego de maior dimensión e integrado que sexa quen de dar resposta aos retos da dixitalización e a sustentabilidade; e seguir avanzando nun modelo colaborativo de I+D.

A convocatoria deseñouse tras a manifestación de interese lanzada en 2021 pola Axencia Galega de Innovación, dependente da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación. Esta consulta buscaba coñecer a demanda e necesidades das empresas para establecer en Galicia os seus centros de investigación e toma de decisións en materia de I+D. Froito deste proceso participativo, recibíronse sete propostas que foron examinadas para definir a convocatoria que agora se resolve.

Con esta nova liña de axudas, pioneira en Galicia e da cal só existe en España unha de similares características no País Vasco, a Xunta aspira a seguir reforzando a I+D empresarial galega e dar continuidade a outros programas como a Fábrica intelixente ou as unidades mixtas de investigación.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA APOIA O DESENVOLVEMENTO DE OITO NOVOS PROXECTOS EÓLICOS EN GALICIA CUXA TRAMITACIÓN DEPENDE DO GOBERNO PARA QUE ALCOA E SENTURY TEÑAN UN PREZO ELÉCTRICO MÁIS COMPETITIVO**

- Ao superar os 50MW os seis parques promovidos por Enel Green Power e dous de Greenalia, é a Administración central a responsable da súa xestión administrativa, polo que desde Galicia se agarda que colabore axilizando o proceso o máximo posible
- Con este acordo do Consello da Xunta xa son 1131,4MW vinculados a proxectos industriais, nos que, ademais da planta de aluminio primario e alúmina da Mariña de Lugo e da futura planta de pneumáticos que se proxecta nas Pontes, está o desenvolvemento das iniciativas empresariais de Showa Denko na Coruña
- Esta figura administrativa permite estudar a implantación de parques fóra das áreas do Plan sectorial eólico, sempre e cando sexan iniciativas cunha clara incidencia sobre o territorio pola súa entidade económica e social e posúan unha función vertebradora e estruturante na zona
- Cos parques excepciónados ata o momento Alcoa podería cubrir o 45% da súa demanda e Sentury o 100%, aos que se suman os de Showa Denko, aprobados o pasado mes de xuño, que alcanzaría o 81% se o Goberno autoriza os dous parques promovidos por Greenalia

O Consello da Xunta acordou esta mañá seguir apoiando o desenvolvemento eólico en Galicia vinculado a proxectos industriais. En concreto, coa decisión adoptada hoxe, o Goberno central xa pode tramitar oito novos parques cos que as empresas Alcoa San Cibrao e Sentury Tire poderán acceder a enerxía verde a un prezo máis competitivo.

O Executivo autonómico adopta esta decisión unha vez se puido avaliar toda a documentación, entregada polas promotoras dos parques hai menos de 15 días, o que demostra a axilización administrativa coa que está traballando a Xunta. De feito, Galicia acóllese, por terceira vez, á figura da excepcionalidade -tras o acordo con respecto a dous proxectos eólicos que poderían beneficiar á planta de Showa Denko na Coruña e outros tres á de Alcoa San Cibrao-.

Esta posibilidade está recollida na lei para declarar estes seis parques promovidos por Enel Green Power -Badulaque (90MW), Barqueiro (150MW), Santuario (180MW), Tesouro (60MW), Moeche (53MW) e Caveiro (72MW); cun investimento total de 579,6 millóns de euros- e os dous novos de Greenalia -Levante (106,4MW) e Boura (72,8MW); cun

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

investimento asociado de 127 millóns- como proxectos cunha clara incidencia territorial pola súa entidade socioeconómica e cunha función vertebradora e estruturante do territorio, o que permitirá -no caso de aprobarse- a súa execución fóra das áreas do Plan sectorial eólico de Galicia.

Ao tratarse de proxectos eólicos de tramitación estatal, xa que cada un deles supera os 50MW, Galicia agarda a sensibilidade do Goberno central para axilizar os parques e, desta maneira, apoiar unha industria electrointensiva como é Alcoa e unha iniciativa declarada proxecto industrial estratéxico como Sentury Tire que tamén aspira a captar fondos europeos.

Polo tanto, son un total de 1131,4MW repartidos en 13 parques eólicos -dos que ao redor de 1000MW beneficiarían a Alcoa San Cibrao-. Trátase, polo tanto, de proxectos que pode tramitar xa o Goberno e que se vinculan ao futuro industrial de Showa Denko -achega o 81% das necesidades enerxéticas da empresa-, Sentury -o 100% da demanda da futura planta de pneumáticos que a compañía prevé nas Pontes-, e Alcoa -cubrirá o 45% das necesidades enerxéticas da planta de San Cibrao-.

Neste último caso, a través dun prezo competitivo, Alcoa poderá afrontar con maiores garantías os retos de futuro e o mantemento dos postos de traballo vinculados á planta de aluminio -tanto os empregos asociados á planta como á industria auxiliar e ao sector do transporte e a loxística-.

Ante a política enerxética do Goberno central e a falta de solucións concretas para a industria electrointensiva, Galicia está a demostrar novamente o seu compromiso con este sector. Cómpre lembrar que a Xunta xa declarou no ano 2020 esta industria como esencial e estratéxica para a súa economía.

No caso concreto de Alcoa, ademais, a Xunta de Galicia concedeu este ano unha axuda de 985.000 euros á planta de San Cibrao para a mellora da súa eficiencia enerxética. En concreto, a empresa investirá 3,4 millóns de euros para a substitución do consumo de fuelóleo por gas natural co obxectivo de reducir en preto dun 3% o consumo inicial, o que supón máis de 4 millóns de kWh ao ano.

En canto a Sentury Tire, a compañía asinou un contrato de subministración de enerxía eléctrica a longo prazo (PPA) con Enel Green Power, polo que cos tres parques excepcionados xa se cubriría a totalidade da demanda da empresa neste acordo coa filial de Endesa. O proxecto industrial, que se localizará nas Pontes, prevé un investimento de 531 millóns de euros e a creación de 750 empregos.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Galicia, polo tanto, está actuando coa maior dilixencia posible para cumprir os prazos marcados polo Goberno do Estado. Prazos dos que xa se solicitou unha ampliación e mesmo se aprobou no Parlamento galego unha proposición para evitar a caducidade dos permisos de acceso e conexión, xa que segundo fixa o Real Decreto Lei 23/2020 do Goberno central é necesario que os parques eólicos teñan aprobada a súa Declaración de Impacto Ambiental o 24 de xaneiro e non perder os dereitos de acceso e conexión. No caso dos 13 parques excepciónados, veríanse afectados oito, que suman 728,2MW, entre os seis de Enel Green Power declarados hoxe e os dous vinculados a Showa Denko que recibiron esta declaración no Consello da Xunta do pasado 23 de xuño.

A nova Lei de áreas empresariais de Galicia especifica ademais que, sempre que cumbran coa normativa e con todas as garantías ambientais, se dará prioridade a aqueles proxectos eólicos que destinen o 50% da enerxía que produzan á industria asentada en Galicia para reducir a súa pegada de carbono. Os parques eólicos que se vinculen ás PPA poderán beneficiarse desta nova normativa que vai favorecer á industria no seu conxunto, como tamén xa están explorando outras empresas.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **O CONSELLO DA XUNTA APROBA OS CONVENIOS DOS PLANS DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA DE MARIÑAS-BETANZOS E MUROS-NOIA POR IMPORTE DE 3,5 M€**

- O Plan de sustentabilidade proposto pola Asociación de Desenvolvemento Rural As Mariñas – Betanzos está dotado con 1,5 millóns de euros e ten como finalidade levar a cabo melloras neste territorio recoñecido pola UNESCO para ser un referente internacional de ecoturismo
- O Plan de sustentabilidade da Asociación Rural de Desenvolvemento da Ría Muros-Noia ten como obxectivo facer un destino sustentable e competitivo fomentando novos produtos centrados na gastronomía e no turismo activo aproveitando as condicións da ría para a práctica deportiva
- O obxectivo perseguido é levar a cabo actuacións de impulso da sustentabilidade turística na súa tripla vertente: ambiental, socioeconómica e territorial, coa finalidade de beneficiar os destinos turísticos, os axentes sociais e os operadores do sector

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace as sinaturas dos convenios dos plans de sustentabilidade turística en destino (PSTD), da Asociación de Desenvolvemento Rural As Mariñas - Betanzos e da Asociación Rural de Desenvolvemento da Ría Muros-Noia, por importe total de 3,5 millóns de euros no marco dos fondos europeos procedentes do Mecanismo de recuperación e resiliencia.

O obxectivo dos plans de sustentabilidade turística en destino é implementar actuacións de impulso da sustentabilidade turística na súa tripla vertente: ambiental, socioeconómica e territorial, coa finalidade de beneficiar os destinos turísticos, os axentes sociais e os operadores privados do sector.

O Plan de sustentabilidade proposto pola Asociación de Desenvolvemento Rural As Mariñas-Betanzos está dotado con 1,5 millóns de euros. Ten como finalidade levar a cabo melloras neste territorio recoñecido pola UNESCO para ser un referente internacional como destino de ecoturismo familiar.

Nesta liña, levarán a cabo actuacións de restauración ambiental; mellora de equipamentos de uso público; mellora e recuperación de sendas para favorecer a mobilidade sustentable, e a instalación de puntos de recarga eléctrica en cada concello para favorecer e fomentar a mobilidade sustentable e a eficiencia enerxética.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O plan inclúe tamén a posta en marcha dun servizo turístico integral, mediante o balizamento da ría de Betanzos, a creación de base náutica especializada en Arteixo para actividades de vento, e unha base náutica piloto en Gandarío (Bergondo) para desenvolver o ecoturismo na área litoral.

O Plan de sustentabilidade da Asociación Rural de Desenvolvemento da Ría Muros-Noia ten como obxectivo facer un destino sustentable e competitivo potenciando recursos desta zona. Fomentaranse novos produtos que axuden a desestacionalizar e diferenciar a oferta turística centrados na gastronomía e o turismo activo, aproveitando tamén as condicións da ría para a práctica deportiva.

Este proxecto, para o que se destinan 2 millóns de euros. engloba entre outras actuacións, o reforzo da senda litoral da ría de Muros – Noia, apostando pola apertura de novos tramos caminables e ciclables; zonas de autocaravanas e bicicletas; e a ordenación de uso en espazos protexidos. Potenciarase tamén o itinerario cultural a Santiago, apertura de tramos históricos en desuso, mellora de núcleos urbanos non litorais no itinerario (A Serra), a posta en valor e sinalización de recursos e a posta en valor do das minas de San Finx.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# A XUNTA RATIFICA A SÚA APOSTA POLAS TRAIÑEIRAS CONSOLIDANDO O INCREMENTO DO ORZAMENTO DESTINADO Á LIGA GALEGA CUNHA ACHEGA DE 115.000 EUROS

- Na tempada 2022 que rematou, un total de 28 clubs competiron na Liga Galega de Traiñeiras, dos cales nove foron de categoría feminina, o que supón a maior cifra de mulleres participantes na historia da LGT

O Consello da Xunta autorizou a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, e a Asociación Liga Noroeste (ALN) con motivo da organización da Liga Galega de Traiñeiras (LGT) masculina e feminina da tempada 2023 que neste ano volve acadar un importe de 115.000 euros, o mesmo importe adjudicado en 2022. Grazas aos sucesivos aumentos que experimentou este convenio desde 2017, cando se destinaban 80.000 euros, hoxe representa un incremento do 44 % desde aquela.

A Asociación Liga Noroeste é a responsable da organización da Liga Galega de Traiñeiras, que tanto na categoría masculina como na feminina é a competición desta modalidade de remo que aglutina todos os clubs que participan nesta actividade en augas galegas.

Deste xeito, o obxecto do convenio autorizado hoxe é establecer os mecanismos de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Asociación Liga Noroeste para a organización e desenvolvemento da Liga Galega de Traiñeiras correspondente á tempada 2023.

Con este convenio a Secretaría Xeral para o Deporte colaborará cos gastos ocasionados con motivo da realización dos seus respectivos programas de promoción deportiva, no ano 2023, coa fin de fomentar o deporte e a actividade física saudable no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, colaborando así no desenvolvemento do sistema deportivo galego.

Na tempada 2022 que rematou, un total de 28 clubs competiron na Liga Galega de Traiñeiras. Deles, 9 clubs foron de categoría feminina, o que supón a maior cifra de mulleres participantes na historia da LGT.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Os clubs estiveron repartidos do seguinte xeito: doce deles na Liga Masculina A: SD Samertolameu-Oversea, CM Bueu-Teccarsa, SD Tirán-Pereira, CR Chapela-Wofco, CR Cabo da Cruz, CR Rianxo, CR Mecos, CDM Mera, CR Narón, CCD Cesantes-Rodavigo, CR Puebla e CM Mugardos; sete na Liga Masculina B: CM Castropol, SD Samertolameu-Oversea B, Amegrove CR, CR Cedeira, CR Vila de Cangas, CR Salgado-Perillo e CR Muros; e nove na Liga Feminina: CR Cabo de Cruz, CR Chapela-Wofco, CM Mugardos-A Cabana Ferrol, SD Tirán-Pereira, CR Rianxo, CM Castropol, CRN Riveira, CR Puebla e CR Salgado-Perillo.

Agárdase que para a LGT de 2023 se acade unha participación similar á de 2022, o que sería todo un éxito. Ata o día 10 de xaneiro do vindeiro ano, unha vez realizadas as preinscricións na Liga Galega de Traiñeiras, non se coñecerán os equipos participantes na tempada 2023.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA AFIANZA A COMPATIBILIDADE DE USOS DEPORTIVOS E FEIRAIS DE EXPOURENSE CUN CONVENIO DE 240.000 EUROS PARA O MANTENIMENTO DA MELLOR PISTA CUBERTA DE ESPAÑA**

- O convenio é válido para as anualidades de 2023 e 2024, polo que o importe anual para a xestión e mantemento de pista sobe un 20 % con respecto a 2022, cando se consignaron 100.000 euros
- A pista de atletismo de Ourense ten demostrado a súa gran calidade acollendo numerosos récords na celebración de campionatos de España de grande importancia como o absoluto de 2020 e de 2022, o sub 20 de 2018 ou o máster de 2019 e de 2021
- Cómpre salientar a aposta da Xunta polas instalacións para actividades deportivas e feirais como ocorre desde 2019 co rocódromo de Lugo situado no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo ou, máis recentemente, co módulo cuberto de atletismo no pavillón número 5 do Instituto Feiral de Vigo (IFEVI), que comezou a súa instalación

O Consello da Xunta autorizou a sinatura do convenio de colaboración entre a segunda addenda para prorrogar o convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, e a Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense (Expourense), para regular o réxime de coordinación do uso da pista de atletismo cuberta establecendo o calendario das actividades tanto deportivas como feirais, así como a regulación da xestión e das actividades de mantemento, limpeza, uso e conservación das instalacións, e os seus gastos de funcionamento para o desenvolvemento das actividades deportivas por un importe total de 240.000 euros durante as anualidades 2023 e 2024. O último convenio asinado con este obxecto para o exercicio de 2022 contou cun orzamento anual de 100.000 euros, polo que a Xunta incrementa a partida para o mantemento da pista de Expourense nun 20 %. A vixencia do convenio esténdese ata o 31 de decembro de 2024.

O obxecto do convenio é establecer por unha banda, o réxime de coordinación do uso da pista de atletismo cuberta entre a Xunta de Galicia e Expourense para a programación por cada unha das partes das súas respectivas actividades na pista, posibilitando a utilización das instalacións con destino a actividades deportivas e garantindo a compatibilidade deste uso deportivo co feiral da instalación, que é un dos elementos identitarios desta infraestrutura.

Por outra banda, o convenio establece tamén a regulación da xestión e a realización das actividades de mantemento, limpeza, uso e conservación das instalacións, así como os

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

seus gastos de funcionamento, garantindo que se manteñan en perfecto estado para o desenvolvemento das actividades deportivas, competicións ou eventos deportivos.

Deste xeito, o uso deportivo da pista enmarcarase en dous períodos que son desde o 1 de xaneiro ao 31 de marzo e desde o 1 de decembro ao 31 de decembro.

### **Pista de atletismo**

Tras a sinatura do convenio de cooperación para levar a cabo as obras de instalación da pista o pasado 11 de abril de 2016, a pista de atletismo cuberta de Ourense foi inaugurada o pasado 16 de decembro de 2017, como a mellor pista cuberta de España e a que conta coa tecnoloxía máis moderna.

No mes de maio de 2018 asinouse o primeiro convenio para a compatibilidade de usos da pista cuberta de Ourense e, o 31 de outubro do mesmo ano, o Consello da Xunta informaba do investimento de máis de 920.000 euros en Expourense co obxectivo de continuar a impulsar a actividade feiral ao tempo que se favorece a multifuncionalidade do recinto. Esta achega da Consellería de Economía, Emprego e Industria permite ampliar a capacidade da pista de atletismo hidráulica ata as 1.500 persoas coa instalación de novas bancadas, o que permitirá acoller competicións de maior prestixio e incrementar o espazo expositivo en 400 m<sup>2</sup>, de forma que se poidan celebrar de xeito simultáneo no tempo actuacións deportivas e de carácter feiral.

En xuño de 2019 asinouse o convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte e Expourense para regular o réxime de coordinación da programación das actividades deportivas e feirais, así como as actividades de mantemento da pista de atletismo cuberta de Ourense cun importe de 200.000 euros divididos en dúas anualidades (2019 e 2020). Este convenio xa foi prorrogado por cadansúa addenda para o mantemento da pista e a compatibilidade de usos nos exercicios de 2020 e 2021, a razón de 100.000 euros cada prórroga. En total, a Xunta de Galicia leva investidos nesta instalación máis de 4,3 millóns de euros.

A pista de atletismo de Ourense ten demostrado a súa gran calidade acollendo numerosos récords na celebración de campionatos de España de grande importancia como o absoluto de 2020 e de 2022, o sub 20 de 2018 ou o máster de 2019 e de 2021, así como os campionatos de España de clubs e sub 16 programados para 2023. Ademais, a pista acolleu un total de preto de medio centenar de campionatos galegos de distintas categorías.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A aposta decidida da Xunta de Galicia polas instalacións ourensás complétase coa remodelación do Estadio do Couto (2,6 millóns de euros), a reforma integral do Pavillón dos Remedios (2 millóns de euros) e a renovación do complexo deportivo de Monterrei (10 millóns de euros cofinanciados ao 50% coa Deputación de Ourense).

Cómpre salientar a aposta da Xunta de Galicia polas instalacións para actividades deportivas e feirais como ocorre desde 2019 co rocódromo de Lugo situado no Pazo de Feiras e Congressos de Lugo, ou máis recentemente, co módulo cuberto de atletismo no pavillón número 5 do Instituto Feiral de Vigo (IFEVI), que comezou a súa instalación.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA AVANZA NA IMPLANTACIÓN DO RECOÑECIMENTO DA TRAXECTORIA PROFESIONAL DO PERSOAL AO SERVIZO DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA EN GALICIA**

- O Consello deulle luz verde ao acordo formalizado o pasado luns entre o Goberno galego e as forzas sindicais na mesa sectorial para regular a convocatoria do réxime extraordinario
- A medida beneficiará a 2.700 traballadores con melloras nas porcentaxes dos seus complementos retributivos
- A Administración autonómica destinará preto de 11 M€ á aplicación do acordo ata 2025

O Consello da Xunta deulle o visto e praxe ao proxecto de acordo que aproba a implantación do recoñecemento da traxectoria profesional do persoal ao servizo da Administración de Xustiza en Galicia, acordada o pasado luns na mesa sectorial. O obxectivo é regular o procedemento para a convocatoria do réxime extraordinario dos graos I e II dirixida a todo o persoal funcionario, tanto titular coma interino, e que lles suporá melloras nas anualidades e nas porcentaxes dos seus complementos retributivos.

Avánzase así no pactado por unanimidade na anterior mesa sectorial e que abría o camiño para o desenvolvemento do sistema transitorio de recoñecemento da progresión na traxectoria profesional do persoal ao servizo da Administración de xustiza en Galicia. A medida vai beneficiar 2.700 traballadores públicos dos corpos de médicos forenses, de xestión procesual e administrativa, de tramitación procesual e administrativa e de auxilio xudicial.

Segundo establece o acordo, para acceder aos novos graos de recoñecemento profesional cómpre estar en situación de servizo activo na Administración de xustiza en Galicia. Ademais, para o acceso ao grao I requírese contar cunha antigüidade de cinco anos ao remate de 2021. No caso do acceso ao grao II a antigüidade requirida ascende aos 11 anos ao remate de 2021, para os corpos de tramitación procesual e administrativa e de auxilio xudicial, e ao remate de 2022, para os corpos de médicos forenses e de xestión procesual e administrativa. Tamén será preciso cumprir cun dos criterios de avaliación fixados no propio acordo en función do grao.

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles a partir do seguinte ao da publicación do acordo, agás no caso dos corpos de médicos forenses e de xestión, que terán 15 días hábiles a partir do 2 de febreiro de 2023. O prazo para a resolución será de tres meses a partir da presentación da solicitude.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Os recoñecementos pactados van supoñer incrementos salariais que suman case 11 M€ de 2022 a 2025. Así, neste exercicio destínanse 1,4 M€, o vindeiro ano 2,6 M€, en 2024 3,3 M€, e en 2025 preto de 3,6 M€.

Con esta medida o Goberno galego mellora a falta da regulación estatal da carreira profesional por real decreto, o acordado en 2020 que establecía o sistema de carreira profesional do persoal da Administración de xustiza galega.

O obxectivo é seguir a avanzar no desenvolvemento da traxectoria profesional, co compromiso firme da Xunta de Galicia con este persoal de corpos nacionais. Cómpre salientar que desde 2009 o cadro de persoal da Administración de xustiza en Galicia medrou un 20 %. Así, tras a aprobación de 57 novas prazas en 2022, para o vindeiro ano está xa prevista a creación doutras 24 prazas para dotar do persoal necesario os tres novos xulgados que se porán en marcha o próximo ano na comunidade, os xulgados de Primeira Instancia número 6 de Lugo, número 15 da Coruña e número 16 de Vigo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# A XUNTA SEGUIRÁ A APOIAR A INDEPENDENCIA ECONÓMICA DAS VÍTIMAS DA VIOLENCIA DE XÉNERO CON PAGAMENTOS MENSUAIS DE ATA 800 EUROS

- O Goberno galego destinará ata 2024 un investimento de 5,6 millóns de euros ampliables para garantir as axudas mensuais ás vítimas de violencia de xénero
- Galicia segue a ser referente por contar cun apoio periódico para estas mulleres, que se pode solicitar en calquera momento do ano
- As achegas van dos 200 aos 800 euros mensuais por un máximo dun ano, con atención aos ingresos, menores ao cargo e condicións de discapacidade
- Este apoio está ao dispor tamén das mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual e para as que perderon os seus fillos ou fillas a mans do agresor
- No primeiro semestre do ano a Xunta concedeu 700 axudas de carácter económico ás vítimas: de pagamento periódico, único, de indemnización e destinadas a orfas e orfos e a vítimas de violencia vicaria

A Xunta manterá durante outros dous anos (2023 e 2024) os apoios económicos de carácter mensual que concede ás vítimas da violencia de xénero, coa finalidade de axudalas a gañar independencia dos seus agresores. Para estas achegas, que van dos 200 aos 800 euros mensuais, o Consello aprobou hoxe unha consignación de 5,6 millóns de euros de fondos autonómicos -cifra ampliable en función das necesidades- para facer fronte durante 2023 e 2024 a estes pagamentos periódicos.

Galicia segue a ser unha comunidade referente por ser a única que ofrece estes apoios ás vítimas da violencia de xénero, fundamentais para a Xunta para contribuír a que as mulleres poidan transitar polo camiño da súa recuperación.

Estas axudas convocaranse en xaneiro, aínda que poden solicitarse en calquera momento do ano e, de ser necesario, o Goberno galego pode ampliar o seu orzamento.

Son potenciais beneficiarias destes apoios as mulleres vítimas de violencia de xénero que racharan a convivencia co agresor no último ano, as vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual e as vítimas de violencia vicaria.

A Xunta quere garantir que as mulleres vítimas da violencia de xénero conten cunhas condicións suficientes de independencia económica respecto do agresor e, no caso das vítimas de trata co fin de explotación sexual, da persoa que mantivera sobre elas unha relación de dominación.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A convocatoria diríxese a mulleres maiores de idade ou emancipadas que sexan vítimas de violencia de xénero ou vítimas vicarias nunha relación de convivencia ou, no caso de vítimas de trata con fins de explotación sexual, de dependencia respecto da persoa que mantivera sobre ela unha relación de dominación. Como requisito, a convivencia co agresor ten que ter rematado nos 12 meses anteriores á data de presentación da solicitude. Ademais de estar empadroadas e ter residencia efectiva na Comunidade -ou permiso de residencia, no caso das mulleres estranxeiras- deberán acreditar ingresos mensuais iguais ou inferiores ao dobre do IPREM vixente e non ter percibido esta axuda con anterioridade.

A axuda consiste nun pagamento mensual directo para a beneficiaria que se concederá por un máximo de 12 mensualidades. Esta cantidade pode oscilar entre os 200 euros e os 800, contía baremable en función dos ingresos da perceptora, das fillas ou fillos menores (ou menores en acollida) que teña ao seu cargo e doutras circunstancias como as condicións de discapacidade.

Entre 2009 e 2022 o Goberno autonómico terá destinado cerca de 40 millóns de euros para o mantemento destes pagamentos mensuais, triplicándose a contía destinada para este fin (pasouse de 1,4 millóns do programa 2009-2010 a máis de cinco da convocatoria 2023-2024).

Co paso dos anos foron tamén aumentando o número de beneficiarias, que fan un total de 5.901 nos últimos 14 anos. A estas alturas de 2022, antes de que remate o ano, contabilízanse 589 pagamentos.

As axudas periódicas constitúen unha das ferramentas principais coas que a Xunta de Galicia apoia ás vítimas da violencia de xénero, que contan ademais con outras tres liñas de apoio complementarias como as de pagamento único, dirixidas ás mulleres con dificultades na busca de emprego; as de indemnización, que garanten que perciban as contías que lles corresponden por resolución xudicial; e as destinadas de xeito específico a mulleres gravemente feridas, orfos/as e a vítimas da violencia vicaria.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA AUTORIZA A COMPRA CENTRALIZADA DE GASAS E COMPRESAS DE ALGODÓN PARA AS ÁREAS SANITARIAS POR IMPORTE DE MÁIS DE 6 MILLÓNS DE EUROS

- A contratación deste material para todas as áreas busca estabilizar o seu prezo de adquisición e evitar variacións no importe de compra entre os distintos centros hospitalarios

O Consello da Xunta autorizou hoxe a compra centralizada de gasas e compresas de algodón, tocolóxicas e absorbentes con destino ás áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde por importe total de 6.372.711,25 euros.

A subministración do material persegue a estabilización dos prezos actuais destes produtos destinados principalmente ao uso cirúrxico e de curas, ao tempo que se satisface a demanda asistencial das áreas sanitarias deste material de uso común na atención sanitaria de primaria e de especializada.

A compra centralizada de gasas e compresas, fundamentais para absorber sangue e líquidos, protexer tecidos e aplicar presión ou tracción e separar estruturas, forma parte da política de centralización dos contratos de material sanitario que a Xunta ten posto en marcha nos últimos anos para acadar importantes aforros e evitar variacións significativas nos prezos dos materiais. Neste caso, trátase dun novo expediente que pretende homoxeneizar a adquisición destes produtos en todo o sistema sanitario público galego.

#### **Política de centralización de contratos**

Este contrato enmárcase na política de centralización dos contratos de material sanitario que a Xunta ten posto en marcha nos últimos anos con importantes aforros. Neste caso, trátase dun novo expediente que homoxeneiza a adquisición destes produtos en todo o sistema sanitario público galego, continuando a senda marcada pola licitación en 2017 do primeiro contrato centralizado deste material para as sete áreas sanitarias.

Entre os expedientes centralizados e aprobados recentemente por vez primeira está, o pasado mes de outubro, a compra centralizada da subministración de sistemas de implantes de columna para as sete áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde.

En setembro deste ano autorizouse a primeira compra centralizada de reactivos de laboratorio para a realización de cultivos de bacterias e fungos en mostras de sangue,

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

que ascendeu a 2.760.080 euros; mentres que o pasado mes de xuño aprobouse a licitación para a subministración sucesiva de suturas manuais e cola de tecidos non absorbible, no período comprendido entre 2022 e 2025, por un importe total de 7.289.227 euros.

Outros expedientes licitados por primeira vez nestes últimos anos polo Servizo Galego de Saúde mediante compra centralizada son a subministración sucesiva de tubos endotraqueais e cánulas de traqueotomía, adxudicado por un importe de 1.839.709,81 euros, con IVE, cun aforro do 18,66 % sobre a licitación; a subministración sucesiva de sistemas monitorización de glicosa, adxudicado por un importe de 834.291,08 euros, con IVE, cun aforro do 4,20 % sobre a licitación; e a subministración sucesiva de equipos de cobertura cirúrxica cun importe de adxudicación de 2.961.134,41 euros, con IVE, cun aforro sobre a licitación do 8,59 %.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **GALICIA DEFINE AS PRIORIDADES QUE O GOBERNO DEBE TER EN CONTA NA PLANIFICACIÓN ELÉCTRICA ACTUAL PARA GARANTIR A VIABILIDADE E COMPETITIVIDADE DE PROXECTOS INDUSTRIAIS CLAVE PARA A ECONOMÍA GALEGA**

- O presidente da Xunta resalta a importancia de contar cunha rede eléctrica que permita levar a cabo “proxectos estratéxicos e tractores” para Galicia
- O Consello da Xunta avalía o listado de necesidades do cal se lle dará traslado á Administración central, tal e como se comprometeron o presidente da Xunta, Alfonso Rueda, tras a reunión da semana pasada co Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico
- A ampliación da potencia e a implantación de novas subestacións son imprescindibles para o impulso de proxectos como os de Altri, Showa Denko ou a planta de hidróxeno verde nas Pontes
- Inclúe, de novo, a demanda histórica de dotar Vigo dunha subestación de 220kV que garanta a subministración de Stellantis e de toda a área industrial da zona

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Consello avaliou na súa reunión desta mañá as prioridades do Goberno galego de cara á modificación da planificación da rede de transporte eléctrica da Comunidade, proxectos que a ministra para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, Teresa Ribera, se comprometeu a estudar, tras a reunión mantida a semana pasada co presidente galego. Rueda explicou que a Xunta vai enviar “de inmediato” un documento coas modificacións que considera necesarias na rede eléctrica, “agardando que sexan tidas en conta e se fagan as actuacións necesarias para facelas realidade”.

“O obxectivo é contar cunha rede eléctrica que permita levar a cabo proxectos estratéxicos e tractores para Galicia”, indicou Rueda, quen lembrou que a anterior Planificación Eléctrica para o período 2021-2026 deixou “fóra a algunhas industrias” que planean investimentos claves na Comunidade e non da cabida a novos proxectos que xurdiron desde entón.

Nesta lista de prioridades, que segundo explicou Rueda vaise trasladar ao Goberno central, destacan infraestruturas que serán claves para garantir a viabilidade e competitividade de proxectos industriais intensivos en enerxía que se queren implantar en Galicia e que precisan da conexión á rede eléctrica como son o caso de Altri, Showa Denko ou a planta de hidróxeno verde das Pontes, entre outros, ademais de manter a demanda histórica da subestación de Vigo.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así, solicítase a construción dunha nova subestación eléctrica, unha liña de conexión e unha entrada e saída á liña de 220kV existente Mesón do Vento-Belesar para que Altri poida operar en condicións óptimas.

A área da Coruña conta con varios proxectos industriais como a nova fábrica de ánodos de grafito para baterías de Showa Denko ou a planta de amoníaco verde de Armonía que fan necesario ampliar as capacidades actuais. Deste xeito propónse que Red Eléctrica Española amplíe a capacidade da subestación existente de 220kV.

Meirama é outra das localizacións que precisará ampliar a subestación actual, xa que se prevén proxectos como a planta de xeración de hidróxeno verde promovida por Repsol, Naturgy e Reganosa.

Con respecto á zona das Pontes -onde se pretenden implantar iniciativas como a fábrica de hidróxeno verde de EDP e Reganosa -H2Pole-, a biofábrica de Ence ou a central hidroeléctrica reversible promovida por Magtel- é necesario determinar o destino dos 1400MW de capacidade dispoñible no nó existente para ver a compatibilidade no proceso de desmantelamento parcial da central térmica das Pontes cos proxectos industriais e enerxéticos que se queren desenvolver na zona.

Ademais, a Xunta de Galicia volve insistir na inclusión da nova subestación de 220kV para a zona industrial de Vigo. Mantense como prioridade a garantía dunha subministración eléctrica de calidade tanto para a fábrica de Stellantis en Vigo, como para toda a área industrial da zona. "É unha demanda histórica", lembrou Rueda.

O Goberno galego dará traslado destas medidas co obxectivo de que o Executivo central poida aprobar as modificacións necesarias na planificación actual para dar viabilidade a proxectos tractores que Galicia está impulsando. Neste sentido, a Comunidade foi moi penalizada na actual planificación eléctrica 2021-2026, aprobada en marzo deste ano, pois só se lle asignou un 1,1 % do total fronte á planificación anterior en que recibiu un 6,7 %.

Estas propostas son fundamentais tanto para dar cobertura á industria galega -a que xa está asentada e a que quere implantarse na Comunidade- como para facer fronte á transición enerxética, xa que se trata de infraestruturas clave para impulsar a recuperación económica. O Goberno galego considera que a planificación debe adaptarse ás novas necesidades industriais e de xeración de enerxía para acompañar as

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

empresas ofrecendo seguridade e certezas para facer fronte aos cambios do contexto actual.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA SUBLIÑA QUE O PLAN GALEGO DE AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO PERMITIRÁ REBAIXAR A FACTURA EN 11 M€ AO ANO**

- Asegura que as administracións teñen que “dar exemplo” na redución de consumo enerxético despois de pedir esforzos neste sentido as empresas e cidadáns
- O Consello da Xunta avalía esta follla de ruta coa que prevé investir 119 millóns de euros ata 2024 e acadar un aforro equivalente ao consumo eléctrico de 12.300 fogares galegos nun ano
- Este novo instrumento prevé seguir ampliando e mellorando Redexga, que actualmente conta con preto de 2700 puntos de consumo eléctrico, de gas natural e gasóleo; medidas de aforro e eficiencia para os edificios administrativos, sanitarios, de uso social, educativos e culturais; estudos enerxéticos e medidas de difusión e capacitación
- Realizaranse estudos en 600 edificios para realizar unha adecuada diagnose e identificar as medidas de aforro e eficiencia idóneas desde o punto de vista técnico e económico
- Desde 2014, a Xunta leva investido máis de 135 M€ na mellora da eficiencia enerxética de edificios administrativos, xudiciais e educativos

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Consello avaliou esta mañá o novo Plan de aforro e eficiencia enerxética no sector público autonómico de Galicia 2022-2024 “co que se poderá aforrar unha media de 11M€ ao ano “na factura enerxética da Administración galega e das súas entidades.

“Se estamos a pedir esforzos ás empresas e ás persoas para acadar o aforro enerxético, a Administración ten que dar exemplo”, indicou Rueda sobre este novo Plan –“aprobado antes do prazo establecido polo Goberno central ás comunidades”, resaltou- e que enmárcase no obxectivo de que Galicia alcance a neutralidade climática no 2050.

O Plan, que dá resposta ás directrices europeas para establecer estratexias a longo prazo que permitan renovar o parque edificatorio das administracións cara á súa descarbonización, disporá dun orzamento total de 119 M€. As medidas incluídas permitirán aforros enerxéticos de 40GW/h ano -o que supón un aforro do 8,2 % do consumo enerxético anual da rede de Enerxía da Xunta de Galicia-, “o que equivale ao consumo eléctrico anual de 12.300 fogares galegos”, destacou o presidente autonómico.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As medidas recollidas neste plan -que é unha continuación da Estratexia de aforro e eficiencia no sector público de Galicia 2015-2020 e se basea na Axenda Enerxética de Galicia 2030- artéllanse ao redor de catro eixes estratéxicos.

Por unha banda, seguirase ampliando a Rede de Enerxía da Xunta de Galicia (Redexga) -que actualmente conta con preto de 2700 puntos de consumo eléctrico, de gas natural e de gasóleo-, implantaranse melloras de funcionalidades na plataforma de xestión e estenderase aos concellos. "Permite centralizar á compra o que abarata os custes", indicou o presidente.

Promoveranse medias de aforro e eficiencia enerxética nos edificios administrativos, sanitarios, de uso social e tamén educativos e culturais. Tanto con medias a curto prazo centradas na racionalización do uso dos edificios como a medio prazo. Neste sentido, realizaranse actuacións para a mellora do illamento da envolvente térmica dos edificios, a implantación tanto de sistemas de absorción de radiación solar como de climatización, realizaranse cambios de iluminación interior e exterior, apostarase pola inmótica para monitorizar o funcionamento das instalacións, fomentaranse as enerxías renovables e para autoconsumo con medidas por 2,7 M€, así como a transformación das flotas de transporte e a renovación do parque móbil. Neste sentido, resérvanse máis de 12 M€ ás medidas relacionadas coa mobilidade sustentable.

O terceiro eixo será a realización de estudos enerxéticos para maximizar a eficiencia. Así, prevese estudar un total de 600 edificios para obter unha adecuada diagnose que permita identificar as medidas de aforro e eficiencia idóneas desde o punto de vista tanto técnico como económico. Por último, desenvolveranse tarefas tanto de difusión como de capacitación nestas cuestións entre os empregados e empregadas públicos.

De xeito complementario ás medidas destes catro eixes, a Xunta seguirá avanzando no desenvolvemento normativo e regulamentario nesta materia, afondarase en lograr unha xestión óptima, e manterase un sistema de seguimento e avaliación do Plan.

Con este conxunto de actuacións, a Xunta de Galicia asume o papel exemplarizante que a toda Administración pública lle corresponde á hora de promover a transición enerxética e implantar medidas de aforro e eficiencia que permitan alcanzar a neutralidade climática en 2050.

Este plan ratifica, ademais, o compromiso da Xunta nesta materia pois, desde o ano 2014, as actuacións realizadas pola Administración para a mellora da eficiencia enerxética entre edificios administrativos, xudiciais e educativos supuxeron un investimento de máis de 135 M€.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, en canto ás medidas adoptadas pola Xunta de Galicia en relación co real decreto do Goberno correspondente ao Plan de choque de aforro e xestión enerxética e climatización, estanse a aplicar en 73 edificios administrativos e 67 xudiciais. Consisten na limitación de temperaturas, no establecemento de sistemas de peche das portas de acceso, o apagado do alumeado exterior desde as 22,00 horas, así como revisión de inmobles e posta á disposición de información sobre medidas de aforro.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)





## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA RESALTA QUE A XUNTA XA TEN MOBILIZADOS A PRÁCTICA TOTALIDADE DOS FONDOS EUROPEOS RECIBIDOS**

- Lembra que dos 1.285 M€ asignados a Galicia nos Next Generation, o Goberno central aínda non transfiriu “unha cuarta parte”
- Reclama ao Executivo máis “axilidade” na distribución dos fondos Next Generation e “transferir” a xestión ás comunidades
- O Goberno galego executou o 87,5 % dos recursos Feder e o 99,5 % dos recursos do Fondo Social Europeo
- Con estes datos, a Administración autonómica prevé que o total dos recursos serán executados en prazo, antes de finais do ano 2023

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, resaltou hoxe que o Goberno galego “xa ten mobilizados a práctica totalidade” dos 937 M€ que Galicia recibiu do Executivo central ao abeiro dos fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia (MRR).

O total dos fondos Next Generation no tramo de subvencións ou transferencias financeiras non reembolsables para España acada os 77.234 millóns de euros. Destes fondos, Galicia ten asignados 1.285 M€, pero polo momento só recibiu 937 M€, é dicir, “aínda falta por transferir unha cuarta parte dos fondos”, resaltou Rueda, quen reclamou premura ao Goberno central para non deixar escapar unha oportunidade única como son estes fondos europeos. “Reclamamos axilidade e na medida na que o Goberno central non se vexa capaz, que transfiera a xestión destas axudas”, indicou.

Pola súa banda, en canto aos pertes, o Goberno central anunciou convocatorias por importe de máis de 30.000 millóns, mentres que a día de hoxe só lanzou convocatorias por valor de 10.500 millóns de euros. “É dicir só unha terceira parte”, lamentou Rueda.

O Informe sobre a execución dos programas dos fondos estruturais 2014-2020 e dos programas financiados polos Fondos NextGenerationEU presentado hoxe ao Consello da Xunta polo titular de Facenda e Administración Pública, Miguel Corgos, tamén fai referencia a outros fondos europeos extraordinarios como os REACT. Neste caso son 440 millóns de euros dos que a Xunta ten executado e comprometido xa o 75 %.

#### **Fondos estruturais**

Tal e como explicou Rueda, o documento avaliado hoxe en Consello tamén permite ver a execución dos fondos europeos ordinarios polos que Galicia conta con 1.300 M€.

O informe revela que dos 915 M€ dos que está dotado o Fondo de Desenvolvemento Rexional (Feder) -para potenciar a I+D+i, mellorar a competitividade das pemes, o

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

ambiente ou favorecer a transición cara unha economía baixa en carbono-, xa están executados 801 millóns, "o que supón case un 88% do total". Con estes datos, a Administración galega prevé que o total dos recursos serán executados en prazo, antes de finais do ano 2023.

Estes fondos permitiron fomentar a colaboración público-privada a través das unidades mixtas de investigación; fortalecer os centros de investigación singulares do Sistema universitario de Galicia; fomentar e garantir o uso das TIC nos servizos públicos, en eidos como, por exemplo, o educativo ou o sanitario; fomentar a mobilidade sustentable ou a eficiencia enerxética; ou a mellora de instalacións sociosanitarias como o equipamento do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo.

No caso do Fondo Social Europeo (FSE) está dotado con 322 M€ para promover a sustentabilidade e a calidade do emprego, a inclusión social e a loita contra a pobreza ou a formación e educación. Destes recursos, o presidente da Xunta resaltou que xa están executados "prácticamente a súa totalidade". En concreto están xa executados 320,5 millóns de euros, é dicir, o 99,5 %. A través deste programa fináncianse liñas de axudas ao emprego autónomo cunha liña específica para o emprendemento feminino; actuacións enmarcadas na Estratexia de inclusión social de Galicia; ou determinados ciclos de formación profesional de grao medio e programas de mellora do rendemento educativo.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# A XUNTA DUPLICARÁ A CAPACIDADE DE ATENCIÓN SANITARIA PARA MENORES CON PROBLEMAS DE SAÚDE MENTAL QUE PRECISEN DE INGRESO

- O Consello da Xunta coñeceu hoxe o informe sobre a licitación da obra da nova Unidade de Hospitalización Infanto Xuvenil de agudos con ingreso no Hospital Álvaro Cunqueiro, que se porá en marcha en 2023 e funcionará como unidade de referencia para todo o sur de Galicia
- É a segunda unidade destas características que se crea en Galicia, complementando á existente en Santiago. Contará con 12 profesionais e ocupará unha superficie de 740 metros cadrados no hospital vigués
- A través do Plan de saúde mental de Galicia 2020-2024, a Xunta puxo en marcha recursos fundamentais para evitar ingresos: dúas unidades de saúde mental infanto xuvenís de carácter ambulatorio e catro hospitais de día

O Consello da Xunta coñeceu na súa reunión de hoxe o informe sobre a licitación da obra da nova Unidade de Hospitalización Infanto Xuvenil de agudos con ingreso no Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo, que será a segunda de Galicia e duplicará a capacidade de atención do sistema sanitario público galego para dar resposta aos casos que necesiten hospitalización con ingreso por patoloxía psiquiátrica aguda grave.

Esta nova unidade, que se porá en marcha no vindeiro ano 2023 e que se suma á que está en funcionamento na Área Sanitaria de Santiago e Barbanza, suporá un investimento de 1,5 millóns de euros, e dará asistencia específica aos menores de 16 anos con problemas de saúde mental. De feito, funcionará como unidade de referencia para todo o sur de Galicia (incluíndo as áreas sanitarias de Vigo, Pontevedra e o Salnés, e a Área de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras).

A creación da nova unidade de hospitalización, que contará cunha dotación inicial de 12 profesionais cuxas prazas están previstas nos orzamentos da Xunta para 2023, enmárcase nos obxectivos do Plan de saúde mental de Galicia 2020-2024, que establece como prioritaria a atención á saúde mental da infancia e adica un eixe completo a implementar accións de mellora na atención á saúde mental deste colectivo, tanto no eido da prevención como do tratamento.

O Plan de saúde mental formula como obxectivos para mellorar a atención á infancia a identificación precoz de trastornos, o desenvolvemento de novos programas de atención ao trastorno mental grave, e o favorecemento da accesibilidade aos equipos de

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

saúde mental infanto xuvenil, incrementando os recursos de asistencia tanto ambulatoria como hospitalaria.

Esta unidade especializada para a hospitalización por saúde mental infanto xuvenil permitirá facer fronte ao incremento da demanda que se vén observando nestas patoloxías, especialmente intentos de suicidio, trastornos de conduta alimentaria ou trastorno psicóticos. Así, ás 7 prazas coas que conta actualmente a unidade de Santiago uniranse ás 6 coas que contará inicialmente a de Vigo. Ademais, a súa posta en marcha é imprescindible para a acreditación das novas unidades docentes multiprofesionais de saúde mental, o que garantirá que se conten cos medios necesarios para formar novos especialistas.

A nova unidade reforza a humanización dos dispositivos de atención e hospitalización das persoas con trastorno mental, en liña co recollido no Plan de saúde mental, que establece a importancia de introducir elementos de mellora e confortabilidade para favorecer a recuperación das persoas que precisen de ingreso.

### **A unidade ocupará 740 m<sup>2</sup> no hospital de Vigo**

A actuación implica o acondicionamento dunha zona de 740 metros cadrados no Hospital Álvaro Cunqueiro para a creación da unidade, que contará cunha zona asistencial con seis habitacións, un box, un despacho polivalente e un aseo, e disporá tamén de espazo de control con catro consultas, despacho de supervisión, zona de enfermaría -sala de estar e zona de control-, sala de técnicas, aseos, almacéns e locais técnicos, así coma un espazo de docencia e estar -con aula, sala de xogos, despacho docente, sala de espera de familiares e aseo-. A obra prima a relación co exterior, a claridade nos accesos e circulacións, a discreción e a privacidade, prevendo o futuro crecemento da unidade e dos servizos hospitalarios.

### **Unidades de saúde mental, hospitais de día en todas as áreas e máis profesionais**

A través do Plan de saúde mental de Galicia 2020-2024, a Xunta puxo en marcha nos últimos anos recursos fundamentais para evitar ingresos a través de terapias intensivas: dúas unidades de saúde mental infanto xuvenil de carácter ambulatorio en Vigo e Coruña; así coma hospitais de día de saúde mental infanto xuvenil en Vigo, Santiago, Ourense e Lugo. O hospital de día de Vigo, por exemplo, atendeu xa máis de 1.200 consultas.

O obxectivo marcado polo Plan de saúde mental de Galicia 2020-2024 é contar cun hospital de día infanto xuvenil de saúde mental en cada área sanitaria, polo que a Xunta

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

traballa en poñer en marcha tamén os das tres áreas sanitarias restantes: Ferrol, A Coruña e Pontevedra.

Ademais, desde a aprobación do Plan de saúde mental de Galicia, en xuño do ano 2020, a Xunta ten contratado a 125 novos profesionais de saúde mental para a sanidade pública galega, que representan máis da metade do total de profesionais que o plan prevé incorporar ata 2024, e que ascenden a 241. Destes 125 novos profesionais, 38 son psiquiatras, 34 psicólogos e 30, persoal de enfermaría especialista en saúde mental. Tamén se inclúen 12 traballadores sociais e 11 auxiliares de enfermaría ou terapia ocupacional.

Tamén, os orzamentos da Xunta para o ano 2023 prevén 2,6 millóns de euros para a creación de 61 prazas máis de especialistas en saúde mental, entre as que se inclúen as 12 prazas que conforman a dotación inicial desta nova unidade de hospitalización.

En total, desde a posta en marcha do Plan de saúde mental 2020-2024, a Xunta incrementou en 10,3 millóns de euros o investimento anual para persoal de saúde mental na sanidade pública galega; impulsando tamén medidas extraordinarias para a provisión, mediante concurso de méritos, de prazas de persoal facultativo especialista en Psiquiatría e Psicoloxía Clínica, así como enfermeiros especialistas en saúde mental, dentro da lei de medidas extraordinarias dirixidas á provisión de postos de difícil cobertura.

### **Actuacións en marcha no hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo**

No eido das infraestruturas, a obra contextualízase dentro da aposta da Xunta por mellorar a asistencia sanitaria especializada na área de referencia. Así, no hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo estanse a levar a cabo outras actuacións, como a -recén adxudicada - obra para a posta en marcha da unidade funcional multidisciplinar de enfermidades raras, a ampliación da área de necropsias de anatomía patolóxica, a creación dunha área de rehabilitación cardíaca, dunha unidade de hospitalización a domicilio ou o a obra do hospital de día de procesos médicos.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA INVESTIRÁ ENTRE 2022 E 2023 MÁIS DE 16 MILLÓNS DE EUROS PARA REFORMAR AS SÚAS INFRAESTRUTURAS RURAIS E MELLORAR OS SERVIZOS PRESTADOS Á POBOACIÓN EN MATERIA AGRARIA

- O Consello da Xunta avaliou hoxe un informe da Consellería do Medio Rural sobre as actuacións do Plan de mellora das infraestruturas no agro galego, centradas nas actuais oficinas agrarias comarcais, nos distritos forestais e nos puntos de encontro
- Falamos de máis de 200 oficinas que requiren unha adaptación ás necesidades actuais da sociedade, así como unha mellora global do seu estado, co fin de dar un axeitado servizo no ámbito rural

O Consello da Xunta avaliou hoxe un informe da Consellería do Medio Rural sobre as actuacións do seu Plan de mellora de infraestruturas agrarias e forestais, repartidas por todo o rural de Galicia. Así, entre os anos 2022 e 2023 vanse investir máis de 16 millóns de euros en rehabilitar as instalacións das actuais oficinas agrarias comarcais e das asociadas ao dispositivo de prevención e defensa contra os incendios forestais.

Neste senso, cómpre destacar que o 97 % da superficie da Comunidade galega é principalmente rural, de aí que a Consellería teña establecida por toda a xeografía unha rede de oficinas para dar respostas ás demandas da poboación, en materia agraria e forestal. Falamos de máis de 200 oficinas que requiren unha adaptación ás necesidades actuais da sociedade, así como unha mellora global do seu estado, co fin de dar un axeitado servizo no ámbito rural, ben sexa de forma directa para a atención do público (OACs e distritos forestais) ou indirecta (puntos de encontro en que a diario se localizan as brigadas forestais).

Así, na medida do posible, trataranse de agrupar as sedes actualmente dispersas que se atopan nunha mesma localidade, configurando edificios integrados que alberguen todos os servizos da Consellería do Medio Rural e, de considerarse conveniente, doutras consellerías da Xunta de Galicia. Este reagrupamento permitirá prestar os servizos á cidadanía dunha forma máis eficiente e, ao mesmo tempo, mellorará as condicións de traballo dos empregados públicos, permitindo gañar na eficiencia da utilización dos recursos públicos.

#### **Oficinas rurais**

Estes edificios integrais pasarán a denominarse oficinas rurais e incorporarán os diferentes servizos da Consellería, empregados públicos do servizo de prevención e extinción de incendios, planificación forestal, agricultura e gandaría. Tamén inclúen as

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

antigas oficinas agrarias comarcais, que albergan os servizos veterinarios e de enxeñeiros agrícolas.

Nesta liña, tal e como establece o Plan de modernización, entre 2022 e 2023 vanse investir máis de 4 millóns de euros en rehabilitar estes edificios. Falamos dun proceso gradual, onde 2,55 millóns de euros irán destinados ao reforzo de ata oito grandes oficinas rurais e máis de 1,5 millóns de euros no acondicionamento e modernización de oficinas menores, incluíndo a renovación de mobiliario, dotación tecnolóxica e outros medios adicionais. Así mesmo, cómpre destacar o inicio das obras da nova oficina rural situada en Lalín, que contará cun orzamento global de 3,7 millóns de euros deica 2025.

Os obxectivos que se perseguen con esta modernización pasan por optimizar a relación entre a Xunta e a cidadanía, coa utilización de infraestruturas máis modernas e eficientes, e mellorar a imaxe corporativa da Xunta entre a cidadanía do ámbito rural. Desta forma, facilitaranse as xestións que a cidadanía leva a cabo coa Administración galega no rural, ofrecendo -sempre que sexa posible- un servizo global nunha única sede da Xunta por localidade, agrupando as oficinas dispersas que actualmente se atopan nalgunhas localidades nunha única sede. Para conseguir os ditos obxectivos, vanse levar a cabo melloras no deseño das oficinas e a uniformización da súa sinalética adaptada á imaxe corporativa da Xunta. Tamén se renovará o mobiliario e o parque móbil asociado a esta rede de oficinas e mellorarase a súa dotación tecnolóxica.

Así mesmo, cabe indicar que no ano 2021 comezáronse as actuacións en 28 oficinas rurais, consistentes na elaboración dun proxecto de mellora e execución de actuacións urxentes. Nestas actuacións investíronse 2,1 millóns de euros, incluíndo as obras realizadas, dotación de mobiliario e equipamento.

### **Infraestruturas forestais**

No caso dos coñecidos como "puntos de encontro", vanse reformular e pasar a denominar bases de unidades operativas (BUO), xa que nelas se concentrarán non só as brigadas de incendios senón tamén outros traballadores do servizo como condutores de motobombas, axentes, etc.

Neste senso, do conxunto das bases operativas que prevé o plan en todo o territorio, establécense dous grupos segundo o enfoque: por unha banda renovaranse 54 sedes, mentres que outras 15 están previstas para renovación completa por nova construción ou rehabilitación total. Así, no ano 2023 crearanse os primeiros tres BUO, que se situarán nos concellos de Rianxo, Mondoñedo e Muíños e para os cales hai un investimento de 2,1 millóns de euros.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No que atinxe ás bases aéreas, renovaranse determinadas instalacións, firmes de pistas de aterraxe e edificacións auxiliares precisas para tripulacións e brigadas helitransportadas. Tamén se procederá á construción de novas bases para mellorar a distribución territorial dos medios aéreos como factor clave na optimización da operatividade deste tipo de medios, tales como a base transfronteiriza Interlumes que se construíra entre Verín e Oímbra -con 4,5 millóns de euros- e a nova base que se localizará no municipio de Lalín.

Así mesmo, seguirase avanzando na primeira fase do Centro integral de loita contra o lume de Toén, coa renovación do primeiro dos edificios do complexo para convertelo nunha aula de formación e centro administrativo, para o cal hai un orzamento de 2,5 millóns de euros. Neste senso, cómpre remarcar que as pistas de adestramento 4x4 xa están rematadas, así como o acondicionamento exterior destas infraestruturas.

Por último, o Plan de mellora de infraestruturas tamén prevé a finalización da nave de loxística en Lalín -no polígono de Botos- xunto cun taller de reparación para os vehículos do dispositivo. Estas actuacións levan un orzamento asignado de 1,3 millóns de euros.

Con todo, a rehabilitación de todas estas infraestruturas ten como consecuencia unha mellora de calidade nos servizos que a Xunta presta á poboación do ámbito rural, así como das condicións laborais dos empregados públicos da Xunta.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA